



CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA 2020

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfno: 988 272 641 - Fax: 988 271 461
C/ta. do Vago, 43 Baxo - O Pino
32001 OURENSE



Xacobeo 2021



Empower Results®



REGULAMENTO PARTICULAR TIPO



PROBA: 22ª SUBIDA A SALETA 2020
PROVINCIA: OURENSE
DATA: 22 E 23 DE AGOSTO DE 2020



Concello do Carballiño



Concello de
Boboras



1.- PROGRAMA.

Data	Horario	Programa	Lugar
21/07/2020	21:00	Apertura de Inscripcións	AGE Motorsport adm.agemotorsport@gmail.com 649731478 – 988272841
19/08/2020	21:00	Peche de Inscripcións	
20/08/2020	18:00	Publicación lista de inscritos	
Sábado 22/08/2020	09:30	Apertura Parque de custodia	C./ Conde Vellellano e C./ Curros Enríquez
	de 09:00 a 12:00	Verif. Administrativas	Bar Little Galicia Rúa Faustino Santalices 1
	de 09:30 a 12:30	Verificacións Técnicas	AUTOTODO. C./ Otero Pedrayo
	14:30	Publicación lista de Autorizados a tomala saída	Autobús F.G. de A.
	15:00	Presentación Pilotos Parque de custodia	C./ Conde Vellellano e C./ Curros Enríquez
	15:30	Presentación pilotos en parque pre-saída	OU-0417
	16:00	Adestramentos Oficiais	
	18:00	1ª. Manga Oficial	
20:00	2ª. Manga Oficial		
Domingo 23/08/2020	08:30	Presentación Pilotos Parque de custodia	C./ Conde Vellellano
	09:00	Presentación pilotos en parque pre-saída	OU-0417
	09:30	Adestramentos Oficiais	
	11:30	3ª. Manga Oficial	
	A continuación	4ª. Manga Oficial	
	A continuación	Entrada parque de custodia	C./ Conde Vellellano e C./ Curros Enríquez
	A continuación	Verificacións de oficio (Optativas)	Tomóvil (Carballiño) Crta de Pontevedra
	A continuación	Publicación de resultados	Autobús F.G. de A.
	A continuación	Rolda de prensa dos tres primeiros clasificados (6), carrozados e non carrozados (Recoméndase)	Pazo da Almuzara
	A continuación	Entrega de Premios e Trofeos (Recoméndase facela antes do xantar).	

Nota: Levantamento vehículos parque de custodia-parque de traballo (unificados): Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos, sen ter que esperar ás entregas de premios.

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Desde o día 22 de Agosto ás 09:00 horas, ata do día 23 de Agosto ás 17:00 horas estará situado na Oficina Permanente da Proba, estará emprazada en Autobús F.G. de A. e no Parque de custodia sito en C./ Conde Vellellano e C./ Curros Enríquez.

2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

1.1.- Definición:

A Escudería AGE Motor Sport en colaboración coa Escudería Carballiño organiza a 22ª Subida a Saleta que se desenrolará desde o día 22 de Agosto ó día 23 de Agosto do ano 2020.

Esta proba disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2020, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 25 de maio de 2020. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-013-MO, con coeficiente (8).

1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. ALFONSO GARCIA EIRIZ

Vocais:

D. JAVIER PAZ CARVAJALES

D. PABLO FERNANDEZ DOMINGUEZ

D. JESUS NOVOA TORRES

Secretario:

D. JESUS LOPEZ BLANCO



Dirección da Secretaría do Comité Organizador:
ESCUDEIRA AGE MOTORSPORT
Rúa SOLANA, 6
32500 CARBALLIÑO (OURENSE)
Teléfono: 649731478 - 988272841
adm.agemotorsport@gmail.com

1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Alfonso García Eiriz DC1ª-0433-GA.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Antonio Pérez Cid DC1ª-0601-GA.
D. Fco. J. Riaño Lueiro DC1ª-0500-GA.
D. José R. González Villar CD-0038-GA.

Observador da F.G. de A.:

D. Victoriano González Boullosa OBS-0002-GA.

Director da Carreira-Oficina/Autobús:

D. Vicente A. Vázquez Gómez DC1ª-0622-GA.

Secretario:

D. Gerardo Armesto Vázquez DC1ª-0554-GA.

Relacións cos participantes:

D. Benigno Vázquez Colino CD-0534-GA.

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. Manuel Montoto Orrea JOC1ª-0131-GA.
D. Antonio M. Rguez. Caeiro OC-0132-GA.

Responsable Equipos Cronometraxe:

D. Vicente A. Vázquez Gómez DC1ª-0622-GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Alfonso García Eiriz DC1ª-0433-GA.

Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

Verde D. Jesús Novoa Torres CD-0904-GA.

Vehículo "00" (ESCOBA):

Bermello D. Fco. Javier Paz Carvajales CD-1039-GA.

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, alomenos sete días antes da celebración da proba, apercibindo da perda do coeficiente polo seu incumprimento.

Servicio informático e publicación de tempos: Federación Galega de Automobilismo.

Dª. Raquel Rodríguez López DC-0017-GA

Servicios Médicos: Team Medical Galicia.

Servicio de ambulancias: Ambulancias Bande

Centros Asistenciais: COSAGA, CHUO, PAC Carballiño

Servicio de Grúas: Grúas Gayoso

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licencia CD1ª, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.



3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

A 22ª Subida a Saleta é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato de Galicia de Montaña de Carrozados (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- Campionato de Galicia de Montaña Non Carrozados (Agrupacións 6, 7, 8 e 9).
- Campionato de Galicia de Montaña Regularidade Sport 80 km./h.
- Campionato de Galicia de Montaña Regularidade Sport 50 km./h.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 1.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 2.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 3.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 4.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 5.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 6.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 7.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 8.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 9.
- Copa de Galicia de Montaña para Escuderías (Agrupacións 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9).
- 3ª Gara Cup Pirelli de Montaña.
- E as que designe a F.G. de A.

Artigo 3.- Vehículos admitidos.

3.1.- Os vehículos segundo o seu grupo e cilindrada serán clasificados nas seguintes Agrupacións:

AGRUP	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
1	WRC 2000 cc	Art. 255 Anexo J 2010 FIA	1230	34
	WRC 1.600 cc	Art. 255 Anexo J 2016 FIA	1200	33
	WRC 1.600 cc	Art. 255 Anexo J 2017 FIA	1175	36
	R5	Art. 261 Anexo J 2017 FIA	1230	32
	S2000 (1.6T) RRC	Art. 255A Anexo J 2013 FIA	1200	28
	S2000 (Atmosférico)	Art. 254A Anexo J 2013	1200	N/A
	R4	Art. 260 Anexo J FIA	1300	33
	A Galego	Grupo "A" FGA	1300	34
	N1	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homo.	34
	N5	RFEDA + Grupo "G" FGA	1230	34
	N6	Grupo "G" FGA	S/Regulamento	34
	Gr A + 2000 c.c. 4x4	Art. 255 Anexo J FIA 2017	1230	34
	Gr N + 2000 c.c. 4x4	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Ficha Homo.	33
	Gr X + 2000 c.c. 2RM e 4x4	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	34
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2008	RFEDA + Grupo "G" FGA	1410	40,8
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2010	RFEDA + Grupo "G" FGA	1440	41,2
	GT	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homo.	S/Ficha Homo.
	RGT	Art. 256 Anexo J FIA 2017	S/Ficha Homo.	S/Ficha Homo.
Gr. G + 2000 C.C.	Grupo "G" FGA	S/Regulamento	34	
Gr. P	GRUPO P	S/Regulamento	34	
Gr. SCC	GRUPO SCC	S/Regulamento	S/Ficha Homo.	
2	R3T	Art. 260D Anexo J FIA	1080	29
	R3C	Art. 260 Anexo J FIA	1080	N/A
	S1600	Art. 255 Anexo J FIA	1000	N/A
	S1600 RFEDA	Art. 255 Anexo J FIA+RFEDA	1000	N/A
	R2C	Art. 260 Anexo J FIA	1080	N/A
	N2	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homo.	S. procedencia
	Gr. N (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Ficha Homo.	33
	Gr. A +1600/-2000 Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA	S/Regulamento	N/A
	Gr. G - 2000 c.c. (2RM)	Grupo "G" FGA	S/Ficha Homo.	34
Gr. X +1600/-2000 Kit Car	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	N/A	
3	R2B -1600 c.c.	Art. 260 Anexo J FIA	1030	N/A
	R3D	Art. 260 Anexo J FIA	1150	32
	N3	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homo.	S. procedencia
	Gr A -1600 c.c.Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA	S/Regulamento	N/A
	Gr.N +1600 - 2000 c.c. (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Regulamento	N/A
	Gr.X +1600 - 2000 c.c. (2RM)	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	N/A
4	Históricos + 1600 c.c. (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/Regulamento	N/A
	Gr.N -1600 c.c.	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Regulamento	N/A
4	R1A / R1B -1600 c.c.	Art. 260 Anexo J FIA	980 / 1030	N/A



	Gr.X-1600 c.c.	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	N/A
	Históricos -1600 (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/Regulamento	N/A
5	Tódolos Grupos - 1000 C.C. agás Históricos	S/procedencia	S/ Ficha Homo.	
6	CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/E2SS-CN/E2SC Ata 1.000 c.c.	S/procedencia/Art. 4	S/Ficha Homo./Art. 4	S. procedencia
7	CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/E2SS-CN/E2SC De 1.001 c.c. ata 1.400 c.c.	S/procedencia	S/Ficha Homo.	S. procedencia
8	CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/E2SS-CN/E2SC De máis 1.401 c.c.	S/procedencia	S/Ficha Homo.	S. procedencia
9	CARCROSS Ata 600 c.c.	S/procedencia/Art. 4	S/Ficha Homo./Art. 4	S. procedencia

(*) **HISTORICOS:** Ata o ano 1985 inclusive

(*) **GRUPO X:** A partir de 1986 inclusive.

GRUPO P: GRUPO ESPECIAL PROTOS-VEHÍCULOS ESPECÍFICOS DE COMPETICIÓN: Serán admitidos a participar e puntuar aqueles vehículos que ó soliciten á F.G. de A., e que cumpran os requisitos esixidos pola Comisión de Montaña, non admitíndose vehículos dados de baixa (matriculación, seguro, e I.T.V. de rallye vixente e o día), nin temporal, nin do Plan Prever, Pive ou similares; agás os "vehículos específicos de competición" os cales están excluídos desta normativa. As medidas de seguridade terán que ser as mesmas que no grupo X, as mesmas que o Grupo A, en materia de seguridade.

Os vehículos turbo alimentados que participen neste grupo deberán montar una brida de diámetro interior de 34mm mantido sobre unha lonxitude mínima de 3 mm, medido augas abaixo dun plano perpendicular ao eixo de rotación situado a un máximo de 50 mm augas arriba dun plano que pase polos extremos máis augas arriba dos álabes da roda (ver debuxo 254-4). Este diámetro debe respectarse independentemente das condicións de temperatura. O diámetro exterior da brida a nivel do pescozo, debe ser inferior a 44 mm, e debe manterse sobre unha lonxitude de 5 mm a cada lado de este. No caso dun motor con dous compresores en paralelo, cada compresor está limitado por unha brida cun diámetro interior máximo de 24 mm, e un diámetro exterior máximo de 30 mm nas condicións prescritas anteriormente.

- Vehículos específicos de competición: Construídos polos fabricantes de vehículos (Fórmulas, barquetas e turismos) con documentación, factura, ou ficha de homologación expedida polo constructor ou pola F.I.A. ó efecto. A mesma suplirá a documentación ordinaria, e segundo a Lei de Circulación vixente, non será necesario (matriculación, seguro e I.T.V. de vehículo de Rallye), agás os autorizados pola Federación Galega de Automobilismo, denominados SCC, con motorización provinte dunha moto, e baixo a normativa de aplicación dictada e publicada pola Federación Galega de Automobilismo.

Todos estes vehículos deberán ter operativos os pilotos posteriores ou no seu defecto instalar uns pilotos de cor vermello, cunhas bombillas de 15w mínimo.

Os vehículos pertencentes a este grupo deberán cumprilos requisitos do regulamento técnico da Federación Galega de Automobilismo.

GRUPO SCC: Cilindrada ata 1400 cc. Vehículos de produción de serie, e con pasaporte específico, adecuados a normativa publicada no Anuario da F.G. de A., con motor de moto ata 1400 cc., con tracción dianteria, traseira, ou con motor central. Admitirase a participación dos vehículos Mitjet, e Legend Cars neste Grupo.

GRUPO C3-CN-EH-EL-D/E2SS-CN/E2SC: Tódalas cilindradas. Vehículos C3: As características técnicas do motor deberán estar reflexadas na ficha técnica do mesmo. Limitase a cilindrada a un máximo de 3.500 cm3.

Grupo D/E2-SS: Vehículos de carreira monoprazas de Fórmula Internacional ou Fórmula Libre dunha cilindrada igual ou inferior a 3.500 c.c.

Grupo CN/E2-SC: Vehículos deportivos de produción e vehículos de competición bipraza, (combinados) abertos ou pechados, construídos dunha cilindrada igual ou inferior a 3.500 c.c.

Os vehículos que teñan asinado o seu peso na ficha de homologación (FIA, FGA ou RFEDA) terán que respetalo. Os vehículos que non teñan asinado o seu peso, ou non posúan ficha de homologación terán que atēñerse ó Artigo 277 do Anexo J. O peso de ditos vehículos será o seguinte:

ata 1000 cm3 500 Kg.

Máis de 1000 cm3 a 1300 cm3 530 kg

Máis de 1300 cm3 a 1600 cm3 560 kg

Máis de 1600 cm3 a 2000 cm3 600 kg

Máis de 2000 cm3 a 2500 cm3 640 kg

Máis de 2500 cm3 a 3500 cm3 650 kg

Vehículos CN: Deberán de cumprir o artigo 259 do Anexo J do C.D.I., a cilindrada do motor limitase a 3500 cm3.

GRUPOS CM, EM:

(CM): ata 1.400 c.c. (Carburación e inxección).

(EM): ata 1.400 c.c. (Carburación e inxección).

CARCROSS: Vehículos de propulsión traseira para vehículos carcross de ata 600 c.c., que estean en posesión do pasaporte administrativo expedido pola Federación Galega de Automobilismo, para a tempada 2020, e téñense que inscribir na Agrupación 9. Os números de competición terán que ir nas verticais dos pontóns.

HISTÓRICOS: GRUPO "H": Fabricados antes do 1985, inclusive.

Ata 1.600 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

Máis de 1.600 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

3.2.- Os Fórmulas monopraza (Grupo E), deberán cumprila regulamentación dos vehículos de Fórmula Libre (EL) segundo ó artigo 277 Anexo J, fórmula homologado (EH), e fórmula con motor de moto (EM), da F.G. de A., agás no eido da cilindrada que se aterá a taboa publicada no Artigo 4. Os vehículos do Grupo E, construídos antes do 01/01/1.987 que teñan instalada unha rótula UNIBALL nas rótulas de pivotamento, dirección-suspensión (soportamento do porta-mangueta metálico), será obrigatorio como norma de seguridade instalar unha anella, ca que a protección, a bola da rótula non poderá chegar a saír do seu aloxamento, aínda con folgura.



3.3.- A tódolos efectos, considérase constituída unha clase coa saída dun so vehículo.

3.3.- REGULARIDADE SPORT:

Vehículos Admitidos: Tendo en conta que son vehículos clásicos utilizados en eventos non deportivos, a maior parte deles carecen de equipamentos de seguridade esixibles para eventos deportivos (barras, buckets, arneses, extinción) polo que habería que crear dúas categorías de vehículos: (vehículos deportivos debidamente equipados (Tipo A) e vehículos de rúa (Tipo B) que poden estar de serie ou con algún elemento de seguridade engadido. Estes vehículos terán que ter un mínimo de 25 anos de antigüedad o inicio da tempada 2020.

Nos vehículos de serie, obligarase a colocación en lugar accesible polos ocupantes dun extintor de 6kg debidamente anclado o coche. así como o uso obligatorio de casco. (Sen homologación F.I.A.).

Nos vehículos de competición (Tipo A), ademais dos anteriores, serán obrigatorias barras antivolco, arco de seguridade e arneses. Por outro lado recoméndase o uso de roupa infuga. (Según Anexo J).

Os equipos de medición adicionais son libres.

Clases:

Clase 1: Vehículos ata 31/12/1970 e cilindrada ata 1.600cc.

Clase 2: Vehículos ata 31/12/1970 e cilindrada dende 1.601cc.

Clase 3: Vehículos entre 01/01/1971 a 31/12/1980 e cilindrada ata 1.600cc

Clase 4: Vehículos entre 01/01/1971 a 31/12/1980 e cilindrada dende 1.601cc

Clase 5: Vehículos desde 01/01/1981 tódalas cilindradas.

Unha clase considerase constituída coa participación dun só vehículo.

Para os vehículos equipados con turbo e a efectos da súa integración nas distintas clases, a súa cilindrada efectiva será multiplicada por 1.7.

3.4.- A tódolos efectos, considérase constituída unha Agrupación coa saída dun so vehículo.

Artigo 4.- Desenrolo da proba.

Queda terminantemente prohibido realizar adestramentos fora do horario previsto a este efecto. Está prohibido ós equipos circular en sentido inverso do treito, baixo pena de exclusión.

4.1.- Na saída os coches deberanse colocar da seguinte forma:

1.- Os primeiros en saír, en tódalas mangas, son os fórmulas, barquetas, CM, SCC, e turismos de maior a menor potencia, tendo o primeiro número o Campión en título (2019).

2.- Tódolos vehículos que usen calentadores, e estean na caravana de saída de tódalas mangas, si houbese paróns, non poderán volver a súa asistencia, so pena de rigorosa exclusión, ó volver a poñelos calentadores dos pneumáticos.

3.- Está normativa é de obrigado cumprimento, dende a data da súa publicación, a tódolos efectos, en tódalas probas dos Campionatos de Galicia.

4.- As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador á F.G. de A. O habilitado revisará, e reorganizará a mesma si fora necesario, para axustalas potencias e capacitación dos pilotos a lista de inscritos, real e efectiva.

5.- Os parafusos e as porcas das rodas de tódolos vehículos en tódalas modalidades non poderán exceder do plano vertical exterior da lamiá. Será causa de exclusión na verificación inicial dos vehículos que incumpran a normativa, antes, durante, e na verificación final de oficio da proba.

6.- Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída, ou parque de custodia onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.).

7.- O punto de detención e arrancada dos vehículos en saída debe ser a 6 metros antes da liña de toma de tempos (fotocelulas).

7.- Carreira:

7.1.- Os condutores deberán estar a disposición dos oficiais da proba, 20 minutos antes do horario de saída previsto. O organizador creará unha zona de presaída sinalizada mediante carteis de inicio e fin de presaída, onde os vehículos serán revisados e controlados polos Comisarios Técnicos e Comisarios de presaída.

7.2.- O piloto que non estea no seu posto de saída, cando lle corresponda por número correlativo, quedará penalizado con 10 segundos da proba a tódolos efectos, en calquera das seis mangas

7.3.- Non se permitirá variála orde de saída, salvo solicitude e autorización dos Comisarios Deportivos, para non desvirtualo "fair-play" da proba.

7.4.- Saída: O xefe de posto, encargaranse de situalo vehículo e de comproba-las medidas de seguridade do piloto (arnés, casco, vestimenta, etc). A saída darase co vehículo parado e motor en marcha. Cando o vehículo estea na liña de saída (no seu minuto), na conta atrás, de non poder pasala célula fotoeléctrica, otorgaráselle o tempo do peor clasificado na manga mais 10 segundos, e autorizaráselle a retiralo vehículo para reparalo e continuar participando no meeting, previa solicitude e autorización do Colexio de Comisarios Deportivos. No caso de apagado de motor dun vehículo ás ordes do xuíz de saída, a posterior posta en marcha do mesmo non poderá realizarse empurrando ou aproveitando o desnivel da mesma. Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-920, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL-920) ata o instante de activación da cronometraxe.

7.5.- Chegada: Será lanzada e quedará prohibido deterse ata 200 metros pasada a liña de chegada onde os vehículos ordenaranse para organizala caravana de baixada para tomar novamente a saída.

7.6.- Carreira: Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso aminorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o conductor deberá situalo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario. Todo vehículo que tomara a saída (adestramento ou oficial) non poderá tomala de novo baixo ningún caso de obstrución ou impedimento dos Comisarios de Pista por accidente ou causa de forza maior. De acordar, excepcionalmente, os Comisarios Deportivos ó contrario terán que levantar acta ó efecto e comunicalo a secretaría da Federación. Os participantes en todo momento deberán aterse rigurosamente ás indicacións dos Comisarios de Pista, do Director da Proba, e dos Comisarios Técnicos.



7.7.- Cronometraxe: Tanto en saída como en chegada a cronometraxe será realizado á milésima de segundo por células fotoeléctricas con impresión e dobre obrigatorio (Tag Heuer).

7.8.- Será obrigatorio a presenza dun vehículo "R", de "Team Medical Galicia", cun piloto rescatador, ATS, e oficial médico (todos iles titulados), debendo facer constar o seu nome e números de Colexiados, por parte do xefe de seguridade vial, no parte de traballo, e no Regulamento Particular da Proba para a súa aprobación.

7.9.- Terán que estar previstas medidas de evacuación (ó menos dúas segundo o plan establecido polo Xefe Médico do Vehículo "R" de Team Medical Galicia, e o Oficial responsable da seguridade vial, da proba (postos de control e demais). Na proba, será obrigatoria unha U.V.I.-Móbil, e entregárase un plan de evacuación ós conductores das ambulancias (asistencial e U.V.I) para o seu coñecemento, así como do percorrido idóneo ata o Centro Asistencial.

7.10.- Os Organizadores terán que dispor obrigatoriramente:

- Un vehículo con megafonía para avisos ó público.

- Dúas ambulancias (Unha medicalizada-U.V.I.).

- O Autobús da Federación, co seu persoal ó completo (Chofer, Xefe Intendencia, e Inxeñeiro de clasificacións da Federación).

- Equipo de excarceración (Grumir), e coche de bombeiros.

- Como mínimo un vehículo "R" de intervención rápida, debidamente equipado con material, e de extinción, para a súa intervención no caso de calquera accidente que poda producirse no transcurso da proba. Este, ou estes vehículos deberán ir identificados, e provistos de luz xiratoria destellante ámbar, e de sirena, tendo que situarse na liña de saída en zona habilitada.

7.11.- Zonas de perigo. Deberán sinalizarse con letreiros de ZONA PROHIBIDA Ó PÚBLICO así como evita-lo acceso de espectadores a dita zona mediante vallas, e outros materiais que eviten o paso a ditos lugares, así como o estacionamento dos espectadores en lugares que puideran ser perigosos.

7.12.- O número de controladores de pista será o necesario para que dun posto a outro teña enlace visual. Cada posto de control estará composto como mínimo de dúas a tres persoas adultas, e coa licenza de sinalizador expedida pola F.G. de A. Deberán dispor de material necesario para a súa función (emisora de radio, teléfono, bandeiras, extintores, silbatos regulamentarios homologados, cepillo ou escoba e sepiolita), e deberán ir identificados con vestimenta/petos de alta visibilidade homologados, que respondan as prescricións técnicas contidas no Real Decreto 1407/1962, de 20 de novembro, para o seu fácil recoñecemento. Recoméndase ós organizadores, en cada proba, soliciten a un piloto que os acompañe a verificar as medidas de seguridade establecidas na proba, e firme no libro de seguridade, a testifical de comprobación.

É normativa de obrigado cumprimento baixalos vehículos participantes, despois de cada manga celebrada, de seguido do último participante e despois da chegada do vehículo "00" exclusivamente. Non se premite en ningún caso a dobre circulación no treito.

7.13.- Os vehículos da caravana só poden subir antes dos adestramentos, sábado e domingo, estando prohibido transitar polo treito antes das mangas oficiais.

7.14.- O Xefe de Seguridade Vial, despois de transitar polo treito antes do comezo do meeting e evacualo correspondente informe ó Director de Carreira e Comisarios Deportivos, só poderá transitar polo treito en caso de sinistro, actualización, e evacuación, para reposición das medidas de seguridade.

7.15.- A normativa sobre a instalación de "CHICANS" en Montaña rexirase polo publicado no Artigo 25 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia do Anuario 2020 da Federación Galega de Automobilismo.

8.- PARQUES.

8.1.- O parque de presaída deberá estar delimitado e considerárase "parque de custodia" ós efectos de manipulación dos vehículos.

8.2.- O parque de chegada considerárase "parque de custodia". Os vehículos quedarán obrigatoriramente en réxime de "parque de custodia" desde o final da última manga ata 30 minutos despois da publicación dos resultados. Queda terminantemente prohibido transportar no vehículo calquera persoa distinta ó conductor, so pena de exclusión do meeting.

8.3.- O parque de "presaída-traballo" ordenárase por número de menor (1) a maior. Si a asistencia e compartida outorgárase o lugar correspondente ó numero máis alto.

9.- MARCAXE DE PNEUMÁTICOS:

9.3 -En cada subida marcaranse dous xogos de pneumáticos, de seco, podendo só ser un novo a estrear e outro usado. Os equipos que o desexen, e o soliciten, marcaránselle os dous xogos de pneumáticos usados.

9.3.1.- O uso dos dous xogos de pneumáticos, de seco, pódense montar ao gusto do participante indistintamente nas seis mangas(sábado e domingo) xa ben sexa nos adestramentos ou mangas oficiais.

9.3.2.-De pinchar, rebentar, ou deslantar un pneumático só se poderá, previa revisión dos Comisarios Técnicos e autorización dos Comisarios Deportivos, substituír a lamia-pneumático danado, queda prohibida a monta do eixe (2 pneumáticos) en cuestión.

9.3.3.- Os pneumáticos de mollado (4 unidades) terán que ser marcados tamén, e rexerá así o mesmo co criterio do punto 9.3.2 deste artigo.

9.3.4.- O xogo de pneumáticos usados, de ter participado en probas do Campionato de Galicia de Montaña 2020, terá que ter as marcas dunha proba anterior.

9.3.5.- O xogo de pneumáticos usados, presentados para o seu marcaxe, serán aceptados, ou non, a exclusivo criterio dos comisarios técnicos para evitalas posibles picardías de tentar marcar pneumáticos novos lixados ou moldeados.

10.- REGULARIDADE SPORT:

Tramo de calibración será desde a liña de saída á de chegada en tódalas subidas do Campionato 2020. Formato das probas:

Regularidade a 50km/h (Tipo B): Imponse unha velocidade media dos participantes de 50km/h. Estableceranse controis horarios de saída e chegada. A penalización aplicada será de 1 punto por cada milésima de segundo de diferenza entre a hora real de paso e a hora teórica. A saída será marcada o paso do vehículo pola célula a milésima de segundo.



Regularidade Sport (Tipo A): Velocidade media de 80km/h. As penalizacións serán as mesmas que en Regularidade a 50km/h. A saída será marcada o paso do vehículo pola célula a milésima de segundo. Ponse un punto de control o inicio e outro o final do treito. Tómase o tempo de paso polo control de saída e polo control de meta. A forma de penalizar será un punto por cada milésima de segundo. Poderanse montar controis secretos ó longo do treito, no lugar que se decida antes do inicio da mesma (designado polo colexio de Comisarios Deportivos), mediante cronómetro. Dito controlador emitirá informe ó colexio de Comisarios Deportivos para a toma de decisións necesarias ó respecto según o regulamento.

No caso por saída de pista dun participante, se paren participantes na pista, a estes poráselle o tempo da súa pasada anterior, se existise. De ser a primeira manga, descartaríase para tódolos participantes. De ter que anular a manga, a criterio do colexio de Comisarios Deportivos, tódolos participantes que non finalencen a mesma, ou non tomen a saída por esta decisión, o colexio de Comisarios Deportivos asignaralles o tempo da súa pasada anterior, agás o participante que cause a interrupción.

Todo aquel vehículo que teña unha saída de pista e obstaculice a mesma, será sancionado con 10 minutos ademáis dos adquiridos por non pasar polos controis restantes. (A reiteración do mesma situación polo mesmo participante, conlevará a exclusión do meeting) a tódolos efectos.

O gañador será o participante que menos penalización obteña, no computo total das seis ascensións (sábado e domingo). A orde de saída será a continuación do derradeiro participante da Agrupación "B" de Turismos/Carrozados de velocidade. Asistencias: Queda terminantemente prohibido facer asistencias no parque de presáida, e no parque de traballo, só pena de exclusión para tódolos vehículos de regularidade "A" e "B". Existe a salvedade de indicar na folla de inscrición, voluntariamente, o nome e número de licencia da súa asistencia. Neste caso o organizador autorizará a mesma a tódolos efectos.

A forma de penalizar será un punto por cada milésima de segundo. Non pasar un control 10 minutos de penalización. Facer o percorrido 10 segundos máis rápido do tempo estimado será exclusión da proba. Non sair nunha manga 10 minutos de penalización.


Advertencia: Calquera irregularidade, temeridade, ou incumplimento deliberado-intencionado no bó desenrolo da proba conlevará a exclusión do evento deportivo, con traslado ó Tribunal Galego de Apelación para apertura de expediente sancionador..

Artigo 5.- Percorrido.

A proba celebrarase na estrada Local OU-0417

Saída: OU-0417. KM. 0,200.

Chegada: OU-0417. KM. 4,400.



Os recoñecementos do percorrido feitos á marxe das mangas oficiais, serán de exclusiva responsabilidade dos ocupantes do vehículo, sen que se poda vincula-la súa actuación, baixo ningún concepto, coa organización da proba. Queda estrictamente prohibido realizar marcas sobre sinais de tráfico, fitos, pavimentos, edificacións ou marxes da estrada por parte dos concursantes, participantes e outras persoas relacionadas con eles, no curso dos recoñecementos previos.

Artigo 6.- Sinalizacións.

Durante o transcurso da proba deberanse ater rigorosamente as indicacións dos oficiais sinaladores, efectuadas coas bandeiras co significado que a continuación se detalla:

Bandeira roxa: Parada inmediata e absoluta.

Bandeira Galega: Sinal de saída.

Bandeira Amarela (Inmóbil): Perigo en xeral, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Axitada): Perigo inmediato, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Dúas axitadas): Obstrucción moi grave ou total da pista. Prohibido adiantar.

Bandeira Amarela con franxas roxas verticais: Superficie deslízante por aceite, auga, gravilla, etc.

Bandeira Branca: Presencia en pista dun vehículo lento ou un vehículo de servizo "S", ambulancia, etc.



Bandeira Azul: Un concursante intenta adiantar.
Bandeira Negra con cadros brancos: chegada da Carreira.

Artigo 7.- Concursantes admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2020 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 8.- Solicitud de inscrición-inscricións.

8.1.- Toda persoa que desexe participar na 22ª Subida a Saleta deberá remiti-la solicitude de inscrición, debidamente cumprimentada á secretaría da Proba:

ESCUADERIA AGE MOTORSPORT

Rúa SOLANA, 6
32500 CARBALLIÑO (OURENSE)
Teléfono: 649731478 - 988272841
adm.agemotorsport@gmail.com

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 19 DE AGOSTO DE 2020.

8.2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 160 vehículos.

Artigo 9.- Dereitos de inscrición-Seguros.

9.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

9.1.1.- **275 €.** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

9.1.2.- **550 €.** Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe ser o dobre que o apartado 9.1.1.).

9.1.3.- Os dereitos de inscrición na modalidade de Regularidade Sport fíxanse en:

A) **150 €** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

B) **300 €** refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe ser o dobre que o apartado 9.1.3.a.).

9.2.- A solicitude de inscrición non será aceptada se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

9.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

9.4.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria ES54 2100 5779 2502 0008 7665. CAIXABANK. OP. CARBALLIÑO.

4.- OBRIGACIÓNS XERAIS.

Artigo 10.- Publicidade. A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte: A designar en complemento.

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes: A designar en complemento.

5.- DESENROLO DA PROBA.

Artigo 11.- Hora oficial da Proba. Durante o transcurso da Proba, a hora oficial será a emitida polo reloxo atómico do Instituto de Brunswick (Alemania)

Artigo 12.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas nas Prescricións Comúns para Rallyes da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 13.- Premios. Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes: (Reparto de premios mínimo esixido pola Comisión de Montaña da F.G. de A.)

CARROZADOS	
COEFICIENTE 8	
ORD	
1º	900 € Trofeo e Coroa de Loureiro
2º	700 € Trofeo
3º	500 € Trofeo
4º	305 € Trofeo
TOTAL	2.405 €
AGRUPACIÓNS	
Agrupación 1	1º 290 € e Trofeo 2º 175 €
Agrupación 2	1º 290 € e Trofeo 2º 175 €
Agrupación 3	1º 290 € e Trofeo 2º 175 €
Agrupación 4	1º 290 € e Trofeo 2º 175 €
Agrupación 5	1º 290 € e Trofeo 2º 175 €



TOTAL	2.325 €
NON CARROZADOS	
COEFICIENTE 8	
ORD	
1º	900 € Trofeo e Coroa de Loureiro
2º	700 € Trofeo
3º	500 € Trofeo
4º	305 € Trofeo
TOTAL	2.405 €
AGRUPACIÓNS	
Agrupación 6	1º 190 € e Trofeo 2º 100 €
Agrupación 7	1º 190 € e Trofeo 2º 100 €
Agrupación 8	1º 190 € e Trofeo 2º 100 €
Agrupación 9	1º 190 € e Trofeo 2º 100 €
TOTAL	1.160 €
TOTAL PREMIOS X SUBIDA	8.295 €

PREMIOS POR PROBA: en Regularidade Sport:

De 6 ata 9 participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 150 € e Trofeo

2º 100 € e Trofeo

3º 50 € e Trofeo

Regularidade 50 Km./h. tipo B

1º 150 € e Trofeo

2º 100 € e Trofeo

3º 50 € e Trofeo

de 10 a 19 participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 200 € e Trofeo

2º 150 € e Trofeo

3º 100 € e Trofeo

4º 50 €

Regularidade 50 Km./h. tipo B

1º 200 € e Trofeo

2º 150 € e Trofeo

3º 100 € e Trofeo

4º 50 €

Con 20 ou máis participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 350 € e Trofeo

2º 300 € e Trofeo

3º 200 € e Trofeo

4º 100 €

5º 50 €

Regularidade 50 Km./h. tipo B

1º 350 € e Trofeo

2º 300 € e Trofeo

3º 200 € e Trofeo

4º 100 €

5º 50 €

En todas las probas entregárase un trofeo ó primeiro de cada clase.

Don Alfonso García Eiriz, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1ª-0433-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba

N.I.F.: 34994872G

Licencia DC1ª-0622-GA

Entidade: AGE MOTOR SPORT

C.I.F.: G32427098

Fdo: Presidente D. Alfonso García Eiriz

Licencia DC1ª-0433-GA

Fdo: Xefe de Seguridade Vial

N.I.F.: 34990673Z

Licencia DC1ª-00433-GA





ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2020 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa "Licenza Autonómica Única", expedidas polas Federaci6ns Auton6micas de Automobilismo, nas condici6ns e cos requisitos establecidos no artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

2.- A vista de que varias federaci6ns non esixen para a obtenci6n de licenza de piloto ser titular dun permiso de conducci6n como modo de verificar que o conductor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a conducci6n dun veh6culo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulaci6n de veh6culos a motor e seguridade vial, a Federaci6n Galega de Automobilismo non permite a participaci6n de pilotos que non estean en posesi6n dun permiso de conducci6n, expedido pola D.G.T. ou organismo equivalente doutro pa6s, para poder conducir un veh6culo de competici6n en v6a p6blica, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesi6n dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos s6 poden participar, estando en posesi6n de licenza federativa de piloto, en circu6itos pechados (circu6to de velocidade, circu6to de autocross, ou circu6to de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtenci6n de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicar6 a cesi6n de forma expresa nas competici6ns oficiais, da "Federaci6n Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos 6 "Federaci6n Galega de Automobilismo" para a s6a venda, promoci6n, e difusi6n p6blica do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escuder6a organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisi6n Delegada aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estar6 vixente a partir da tempada 2020, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentraci6ns, Rallyes 2ª Categori6a, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia:

A.- Para cumprimentalas follas das inscrici6ns terase que indicalo nome, apelidos, e n6mero da licenza do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma funci6n de asistencia para outro participante na mesma proba.

C.- Todo participante que non sinala na folla de inscrici6n o nome, apelidos, e licenza da s6a asistencia, nos termos antes establecidos ser6 penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorizaci6n a tomala sa6da.

5.- T6dolos Campionatos, Copas de Galicia, e F6rmulas de Promoci6n, a partir da tempada 2020, inclusive, ser6n considerados "OPEN", ag6s a PXP 19 Junior.

6.-ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISI6N DELEGADA-ASEMBLEA. Que na reuni6n extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisi6n Delegada da Federaci6n Galega de Automobilismo" adoptaronse os seguintes acordos por unanimidade:

1-Rat6fcase o acordo adoptado polos 17 presidentes de Federaci6ns Auton6micas de Automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañ6n do 12 de Outubro de 2015.

2-Rat6fcase o acordo de Asemblea da R.F.E. de A., celebrada no sal6n de actos do C.S.D., o d6a 12/10/15, sobre o prezo unificado e igual que ter6 que imperar en todas as expedici6ns da "Licenza Auton6mica Única" polas 17 Federaci6ns Auton6micas. So se admitir6n licencias auton6micas 6nicas expedidas de conformidade co establecido no artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

3-Na reuni6n extraordinaria de Xunta Directiva/Comisi6n Delegada da "Federaci6n Galega de Automobilismo", adoptouse de forma un6nime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2020, sexan considerados "Open".Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrici6n obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licenza federativa expedida por calquera Federaci6n Auton6mica que incumpra o acordo adoptado do prezo unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro de 2015 no C.S.D.

4-O prezo de inscrici6n, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2020, dos titulares de licencias expedidas polas Federaci6ns Auton6micas que non cumplan o acordo de unificaci6n do prezo de licencias establ6cese en 190 euros a abonar a F.G. de A. antes da proba.

5-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federaci6n Espa6ola de Automobilismo", non ser6n expedidas nen admitidas para participar en competici6ns oficiais que se celebren en Galicia, nen forman parte da regulamentaci6n deportiva da "Federaci6n Galega de Automobilismo", os permisos de participaci6n (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), posto que son permisos que otorgan dereitos restrinxidos ou limitados a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a s6a intregraci6n plena na "Federaci6n Galega de Automobilismo", e por tanto incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que establece no seu Artigo 28, en canto a expedici6n e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, 6stas otorgar6n o seu titular a condici6n de membro da correspondente Federaci6n Deportiva Galega, que o habilita para participar nas s6as actividades deportivas e competici6ns,e acredita a s6a intregraci6n na Federaci6n Deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elexible nos procesos electorais da "Federaci6n Galega de Automobilismo". As licencias que esta Federaci6n non pode expedir, por aplicaci6n legal, impiden que os seus titulares se intregren, con plenos dereitos, na "Federaci6n Galega de Automobilismo".

PROGRAMA - HORARIO DE REUNI6NS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNI6N	DATA	HORA	LUGAR
1ª	22/08/2020	09:00	SALA DE REUNI6NS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : AUTOB6S F.G. DE A.
2ª		14:00	
3ª	23/08/2020	15:00	



ANEXO II ENCARGADO DAS RELACIÓNS COS PARTICIPANTES

MISIÓNS PRINCIPAIS. Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licencia expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas. A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por eso é convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA. O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque De custodia cando a chegada da proba (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario da proba).

Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
- Dar todas las informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (exemplo precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

ANEXO III

1) ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade:

Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle do plan de evacuación.

Plans de seguridade da proba.

b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular da proba nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade. Durante a proba estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída da proba (por teléfono ou por radio). Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido na proba por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

c) Control: O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.



ANEXO IV.- CARAVANA RALLYES/MONTAÑA.

En tódolas probas a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 20 minutos antes da saída do número 1.

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo cierre e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Observador Federación: Sairá detrás do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orde para o inicio do treito.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial da proba dará a orde oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Afeccionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito, ou de 30 segundos se así fora necesario.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina da proba, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00" (Bermello): Despois de finalizado o paso de todos os participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilizalos. Así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana da proba terá que ter licencia de oficial CD para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD1^a ou GA-XOC1^a, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizada súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudio, emitirase unha acta-informe, e serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibi da entrega na copia.

1.- AMPLIACIÓN ARTIGO 7.- PENALIZACIÓN:

7.54.- Os adestramentos/recoñecementos en Rallyes e Montaña quedan limitados a un máximo de tres pasadas por treito so penalización de cinco minutos/máis sanción económica ó comezo da proba. A exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.

NOVA NORMATIVA DE APLICACIÓN INMEDIATA:

A.- Redúcense os adestramentos/recoñecementos a tres pasadas para Rallyes e para Montaña.

B.- A primeira infracción será de engadir unha multa de 300 €uros mais unha penalización de cinco minutos ó inicio da proba (Rallye/Montaña).

C.- A segunda infracción, do punto "B": non admitido a tomala saída no Rallye/Montaña (decisión inicial do Comité Organizador), e ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.

D.- Por incorrer nunha infracción nos puntos "B" e "C", será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación do expediente disciplinario no su caso.

E.- Si unha Escudería fai un treito cronometrado, Rallye ou Montaña na mesma tempada, non se poderá utiliza-lo treito por outra entidade organizadora.

F.- Só se poderá adestrar un día, por cada equipo participante, a escoller de entre tres días que designará ó Comité Organizador (Rallye/Montaña), e que será solicitado por fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días.

G.- A velocidade máxima nos treitos a recoñecer, será en función das limitacións/sinais que existan no treito.

H.- Pola Federación Galega de Automobilismo, notificarase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

I.- Os organizadores designarán un Comisario/Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ós Comisarios Deportivos da proba.

J.- A Federación designará outro Comisario/Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

Q.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor butano) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro, (lado dereito superior no sentido da marcha) dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba do equipo infractor.